



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Publicación de nomeamento de responsable de comunicación

Publicación de nomeamento de responsable de comunicación

Mediante decreto da Alcaldía n.º 2330/2020, do 29 de setembro, nomeouse ao seguinte persoal eventual do Concello de Carballo, cuio texto íntegro se transcribe e se ordea a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña:

Nomeamento de persoal eventual como responsable de comunicación.

Na sesión do Pleno Municipal do 27 de xullo de 2020, aprobouse a creación dunha praza no cadro de persoal do Concello de Carballo de personal eventual coas características e retribucións que se citan no acordo.

O seu réxime xurídico será o previsto nos artigos 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), art. 104 da Lei 7/1985, art. 176 do RD Legislativo 781/1986, arts. 232 e 250 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, art. 20.2 da Lei 30/1984 e demais normativa concordante.

Á vista do anterior, RESOLVO:

Primeiro.–Nomear a dona Cristina María Abelleira Martínez, con DNI 52434088 E, persoal eventual no posto de responsable de comunicación, coas funcións, retribucións e características indicadas tanto na presente Resolución como no acordo plenario de 27/07/2020, con efectos do 1 de outubro de 2020.

Segundo.–As súas características, segundo o acordo plenario de creación, son:

DENOMINACIÓN: Responsable de comunicación.

DEDICACIÓN: xornada completa.

RETRIBUCIÓN: equivalentes a persoal funcionario, coa denominación do RD Legislativo 5/2015: Grupo A, Subgrupo A21, nivel 24, complemento específico 10.310,88 euros, referidas a doce mensualidades.

Terceiro.–Publicar no Boletín Oficial da Provincia o nomeamento sinalado así como as súas retribucións e dedicación.

Carballo 04 de novembro de 2020.

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2020/8069